



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Dirección Xeral de Políticas Culturais

Cidade da Cultura
Monte Gaias s/n
15707 Santiago de
Compostela



CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN DE ESCRITORAS E ESCRITORES EN LINGUA GALEGA (AELG) PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DO LIBRO E A LECTURA NO ANO 2019

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Políticas Culturais da Consellería de Cultura e Turismo

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Políticas Culturais ten previsto formalizar coa ASOCIACIÓN DE ESCRITORAS E ESCRITORES EN LINGUA GALEGA (AELG) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de sinatura do convenio ata o 31 de decembro de 2019

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

- A colaboración nos gastos de funcionamento da entidade e na realización de diversas actividades culturais de promoción do libro e a lectura durante o ano 2019

Actuacións:

-“Polafía” na provincia de Lugo

Trátase dun proxecto creado no ano 2007 co obxectivo de recuperar usos de creación musical e literaria de carácter popular a través dunha adaptación das antigas xuntanzas tradicionais aos tempos actuais.

-Gravación de entrevistas para a sección “Mestras/es da Memoria”

Mestras/es da Memoria é un proxecto iniciado no 2010 que nos introduce na casa daqueles/as informantes especialmente valiosos/as na literatura de tradición oral identificados/as nas polafías; trátase de persoas transmisoras do coñecemento, coas mellores técnicas de comunicación. No ano



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Dirección Xeral de Políticas Culturais

Cidade da Cultura
Monte Gaias s/n
15707 Santiago de
Compostela



2019 gravarase a Pablo Quintana, informante de especial valía na literatura de tradición oral e a Dorothé Schubarth, recompiladora de literatura de tradición oral, ámbolos dous serán nomeados “Mestres da Memoria da AELG 2019” na Gala dos premios Mestras-es da Memoria, a celebrar no segundo semestre do ano.

-Mantemento e desenvolvemento informático da sección “Palabras con Memoria” da web da AELG, cuxo obxectivo é recuperar palabras en desuso, así como palabras e/ou expresións non recollidas nos dicionarios.

-Organización de obradoiros de creación literaria

A “Escola de Escritoras e Escritores” é unha iniciativa na que se abordan diferentes xéneros literarios e contidos apostando pola creatividade e a promoción da lectura.

-Gravación de entrevistas e fotografías a escritores/as na web da Asociación

Esta iniciativa serve como espazo de referencia para a promoción e divulgación da obra das autoras e autores da Asociación.

-Elaboración dun roteiro literario dentro da sección “Territorio Escritor/a” da web da AELG.

-Homenaxe “O/a escritor/a na súa Terra”. Pilar Pallarés

A homenaxe “Escritor na súa Terra”, pretender honrar escritores e escritoras cunha dilatada carreira literaria, dándolle un protagonismo especial a personalidades relevantes da literatura galega entre a súa propia veciñanza. Preténdese realizar así mesmo, un estudo divulgativo da obra do autor/a que serva para contextualizar, difundir e poñer en valor a súa inmensa obra literaria. Neste ano a escritora homenaxeada será Pilar Pallarés.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o convenio que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Dirección Xeral de Políticas Culturais

Cidade da Cultura
Monte Gaias s/n
15707 Santiago de
Compostela



De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades, por canto a Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega é a que ten entre os seus fins a promoción e difusión do libro e da lectura.

Polo que a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega é a que posúe a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, así coma o de beneficiaria da actuación subvencionada e interese social da axuda concedida.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela



Xacobeo 2021

